

## **Criterios de selección de representantes da Universidade de Vigo nos Campionatos Universitarios de ámbito estatal 2016**

### **PÁDEL**

#### **CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN**

Que a participación confirmada de universidades sexa como mínimo a establecida polo CSD para que a competición teña a consideración de Campionato de España Universitario:

“ En categoría masculina, será necesaria la participación de, al menos, 20 Universidades que representen, al menos, a 7 CCAA. En categoría femenina será necesaria la participación de, al menos, 12 Universidades que representen, al menos, a 5 CCAA”.

Que o custe económico da participación non exceda o máximo establecido pola Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes para o curso 2015-2016.

#### **COMPOSICIÓN DO EQUIPO**

O equipo representativo da Universidade de Vigo estará integrado como máximo por unha parella feminina e unha parella masculina (límite establecido polo regulamento dos CEU).

#### **REQUISITOS**

Ser alumnado de primeiro, segundo, terceiro ciclo ou doutros títulos de carácter oficial da Universidade de Vigo durante o curso 2015-2016.

Poñer en coñecemento do Servizo de Deportes a súa intención de participar cunha antelación mínima de 15 días antes da data de inicio da competición.

En caso de celebrarse, participar no Campionato Interno de Pádel da Universidade de Vigo. En caso de non facelo, deberá presentarse xustificación por escrito desta ausencia, que será valorada polo Servizo de Deportes atendendo a problemas de saúde, académicos ou de forza maior.

Cumprir algunha das seguintes condicións nos últimos dous anos:

- Ter sido cuartofinalista nalgunha das dúas últimas edicións do Campionato Galego de Pádel de primeira categoría.
- Atoparse entre os 40 primeiros clasificados do ránking absoluto da Federación Galega de Pádel na data límite de inscrición da Universidade de Vigo.

#### **CRITERIOS**

Seleccionaranse a primeira parella clasificada nas categorías masculina e feminina no Campionato interno de Pádel da Universidade de Vigo.

#### **RESPONSABLE TÉCNICO**

Corresponderá ao responsable da sección de Pádel do Servizo de Deportes a aplicación e verificación dos requisitos e criterios establecidos.

Criterios aprobados pola Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes na súa reunión do día 12-11-2015